

ILUSTRACIÓN e LITERATURA ANTIFRANCESAE ANTIABSOLUTISTA

A)

Co desexo de acordarvos	Antes ben, facendo gala
que en Galicia o seu funduxe	de esta nación, estimala
ten a vosa nobre fruxe	e si porque moyto dista
vou en galego a falarvos	non a conoces de vista,
De esto non hai que estrañarvos	conocede a po la fala

Antonio Cernadas de Castro. Cura de Fruíme.

1. En base a que razóns xustifica o cura de Fruíme o uso do galego no poema?
2. Por que cres que se sentiu na obriga de facer esa xustificación?

O ILUSTRADO PADRE SARMIENTO

Unha das preocupacións de Sarmiento foi o coñecemento científico do idioma galego, que recolleu en varios traballos de campo e estudou en numerosos escritos. O interese filolóxico de Sarmiento polo galego herdouno o frade da mesma orde frei J. Sobreira (1746-1805).

Foron de gran importancia as súas viaxes a Galicia, a de 1745 e a de 1754, desde a súa viaxe de sete meses a Galicia en 1745 a nosa cultura e lingua convertéronse no principal centro de interese do ilustrado. Tratábase de verdadeiras expedicións científicas pensadas para describir a nosa riqueza patrimonial. Así, Sarmiento foi unha das primeiras voces en reivindicar a capacidade do galego para expresarse en todos os ámbitos -ensino, traballo ou liturxia-. Considerado precursor da moderna filoloxía románica, o núcleo fundamental dos escritos de Sarmiento pertence ao terreo lexicográfico. No ano 1748 foi elixido abade do seu Mosteiro de San Martín, de Madrid. A partir de entón, centrou o seu interese na etimoloxía galega. Proba deste labor é o seu *“Onomástico etymológico de la lengua gallega”*.

Como xa dixemos, outra das preocupacións de Sarmiento foi a situación de marxinación social do galego. En numerosos lugares denuncia que o galego non sexa a lingua da alfabetización, da Administración e da igrexa, tal como se pode observar no seguinte texto: “O catedrático non ha deixar pasar un día sen adquirir unha nova voz galega, ou de viva voz ou por escrito, para aumenta-lo onomástico galego. En segundo lugar, cada discípulo debe se-lo encargado de concorrer cada día con media ducia de voces galegas das que sente, xa de cousas naturais, xa de cousas artificiais. Antes era delito que un estudante galego soltase una voz galega... Iso no meu sistema ha de ser moi laudable”.

O Pai Sarmiento é recoñecido como un dous intelectuais máis lúcidos e completos da Historia de Galicia. Son coñecidas as súas achegas en campos tan diversos como a Filoloxía, a Botánica, a Historia, a Xeografía e as súas indagacións en cada unha desas ramas do saber seguen sendo obxecto de distintas análises e estudo por parte de afamados investigadores actuais. Dedicóuselle o Día das Letras Galegas en 2002.

TEXTO : O ANGAZO

O *angazo* ou *anciño* (coas súas variantes *engazo* e *enciño*) é un instrumento agrícola formado por un mango rematado nun dos extremos cun pau atravesado onde van uns dentes de madeira ou de ferro. Fundamentalmente está destinado a xuntar herba, follas e restos de vexetación.

O angazo dálle nome a un dos contos máis coñecidos da nosa literatura popular. Xa o narraba no século XVII o padre Sarmiento.

Un mozo dunha aldea galega emigrou a Castela e aos poucos meses regresou á súa terra. E nese breve tempo ocorrera algo asombroso: o rapaz esquecera a fala dos seus, a lingua que falara toda a vida. De volta na casa non facía senón preguntar:

-Mi padre: como se llama esto ?

O pai, molesto ante ese fillo desleigado e farto de tanta pregunta parva, cando o mozo preguntou de novo ao atopar no chan da eira tan "exótica" ferramenta, "*Mi padre: y esto como se llama ?*", respondeulle:

-Ponlle enriba o pé xa verás como cho di el mesmo.

O mozo pisou enriba dos dentes e o mango do pau ergueuse e bateu nos fociños do rapaz que recuperou coa mesma a memoria:

-Raio do angazo!

A moitos e moitas viríallles ben probar o método pedagóxico do angazo.

E xusto ía eu ese día pola rúa cando un home alteiro e corpulento berroulle a outro que pasaba a poucos metros turrando dunha motocicleta :

*-Ai, carallo, seica xa non *conoces* o angazo!*

Viña dicindo, cheo de retranca: "*Ai ho, seica xa non coñeces aos da aldea coma ti?*".

É ben non esquecermos nunca o angazo.

1. Resume brevemente o argumento do texto e a intención do autor.

B) Fragmento da *Tertulia de Picaños* (1836)

VILAS: [...] Falando da Cruña, lembroume agora unha cousa que me contou o señor Fariña á mesa, que si vola dijo quedades coa boca aberta.

FARRUCO: Contá, meu pai.

VILAS: Cando a oín púxenme feito un basilisco e o señor Fariña estaba coma un pemento de coraxe. ¿Non habedes de crer que esos fachendas da Cruña, que nunca fartos se vexan, representaron a Madrí pidindo que a Universidade de aquí fose para alá? Parece conto; pois non o é.

PEPE: Para o que nos deixaron, que nolo leven todo...

CATUXA: Xa eles puderan, que non quedaba Catredal, Hespital, Seminario, nin outras boas pezas que haina Vila; e hasta Picaños corría peligro.

ANDRUCO: Esa évos senreira que xa vén de atrás: nunca os da Cruña puderon ver ós de Santiago; fai como os de Vigo, que tamén lle teñen tirria ós de Pontevedra. Uns e outros, quero decir, os da Cruña e os de Vigo, fan como os cregos e frades, que todo o queren para si, e os máis que coman broa es- carolada. E lojo chámanse liberales: jéche bó liberalismo!

1. Repara no galego usado no texto. A que conclusións chegas?
2. Cal é o tema principal deste fragmento da *Tertulia de Picaños*?
3. Cal é a ideoloxía do autor? En que te baseas para afirmalo?